

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas para a realización de estudos no Centro Superior de Hostalaría de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o curso 2016/17.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das facultades que corresponden ao Estado.

A Axencia Turismo de Galicia está a levar adiante unha política de asistencia económica ás/aos estudantes do Centro Superior de Hostalaría de Galicia (en diante, CSHG), que queda concretada en diversas accións, co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a mobilidade, así como a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico dos/as estudantes que cursen as titulacións do CSHG.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión de bolsas e subvencións e no establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, e ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Atendendo a estas consideracións xerais e en virtude das competencias que me foron atribuídas, e por proposta da Axencia Turismo de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. *Convocatoria e bases reguladoras*

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das bolsas para os/as alumnos/as que cursen as titulacións que imparte o Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG), así como efectuar a súa convocatoria para o curso 2016/17.



Segundo. Solicitudes

1. Para poder ser beneficiario das bolsas deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 8 das bases reguladoras.

2. As solicitudes deberán presentarse na forma e no prazo establecidos no artigo 7 das bases reguladoras.

Terceiro. Prazo de duración do procedemento de concesión

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

O procedemento de concesión non poderá ter unha duración superior aos cinco meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

Cuarto. Información aos interesados

1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Turismo de Galicia, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia: <http://turismo.xunta.gal> e a páxina web do CSHG.

b) Os teléfonos 981 54 25 19 e 981 54 25 59 do CSHG e fax número 981 54 25 90.

c) Enderezo electrónico: informacion.cshg@xunta.gal

d) Presencialmente.

2. Para dúbidas relacionadas con dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención ao presentar os formularios por vía electrónica, poderán facer as súas consultas ao teléfono de información 012 ou ao correo electrónico 012@xunta.gal. Se as dúbidas están relacionadas coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico informacion.cshg@xunta.gal



Quinto. *Réxime de recursos*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2016

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia Turismo de Galicia

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das bolsas para a realización de estudos no Centro Superior de Hostalaría de Galicia para o curso 2016/17

Artigo 1. *Obxecto*

Estas bases teñen por obxecto o establecemento das bolsas de matrícula e de excelencia, en réxime de concorrencia competitiva, para os/as alumnos/as que cursen as titulacións que imparte o Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG), para o curso 2016/17.

Artigo 2. *Clases e contías das bolsas*

1. As modalidades de bolsa, que se concederán en réxime de concorrencia competitiva, alcanzarán unicamente unha parte porcentual dos prezos da matrícula en réxime externo da titulación en que se matricule.



2. Segundo a contía, as bolsas distribúense da seguinte forma:

Bolsas tipo I: cobren aproximadamente o 80 % da matrícula en réxime externo.

Bolsas tipo II: cobren aproximadamente o 50 % da matrícula en réxime externo.

3. Conforme os requisitos académicos e económicos, se é o caso, as bolsas divídense en 2 grupos:

A. Bolsas de matrícula.

a) Seis (6) bolsas tipo I para o 1º curso de diploma superior en Xestión Hoteleira.

b) Doce (12) bolsas tipo II para o 1º curso de diploma superior en Xestión Hoteleira.

c) Tres (3) bolsas tipo II para o 1º curso de certificado de Elaboración e Xestión en Coctá.

B. Bolsas de excelencia.

Dúas (2) bolsas tipo I para o 1º curso diploma superior en Xestión Hoteleira.

Artigo 3. *Solicitantes*

Poderán solicitar estas bolsas os/as alumnos/as que reúnan os requisitos académicos e económicos que establece esta resolución e teñan feito, se procede, a reserva de praza nalgunha das titulacións do CSHG para o curso 2016/17.

Artigo 4. *Requisitos xerais*

Para poder optar á concesión dunha bolsa deberán cumprirse as seguintes condicións:

1. Ser español, ou posuír a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea. Neste último caso requirirase que o propio estudante ou os seus sustentadores se encontren traballando en España. De conformidade co disposto na Lei 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, os estudantes estranxeiros non comu-



nitarios deberán acreditar a súa condición de residentes. Quedará excluído de concorrer a estas bolsas quen se encontre en situación de estancia.

2. Non estar en posesión dunha titulación universitaria do mesmo nivel ou superior.
3. Matricularse por primeira vez no curso para o que se pide a bolsa.
4. Non ter en vigor unha bolsa ou exención do CSHG.
5. Optar só por un tipo de bolsa (matrícula ou excelencia).

Artigo 5. *Requisitos específicos segundo o tipo de bolsas*

1. Para ter dereito ás bolsas de matrícula serán necesarios os seguintes requisitos:

a) Para as bolsas de 1º curso de diploma superior en Xestión Hoteleira, acreditar unha cualificación na proba de acceso á universidade (PAAU) ou noutras ensinanzas que lle permitan o acceso, con exclusión da cualificación da fase específica, igual ou superior a 5 puntos antes de que remate o prazo de solicitude destas bolsas.

b) Para as bolsas de certificado de Elaboración e Xestión en Cociña, acreditar ter superado o bacharelato (ou equivalente), ciclo formativo superior ou outras ensinanzas superiores, antes de que remate o prazo de solicitude destas bolsas.

c) En ambos os dous casos, a renda familiar non debe superar os límites de renda establecidos nesta resolución.

2. Para ter dereito ás bolsas de excelencia desta resolución será necesario acreditar unha cualificación na proba de acceso á universidade (PAAU) ou noutras ensinanzas que lle permitan o acceso, con exclusión da cualificación da fase específica, igual ou superior a 8 puntos antes de que remate o prazo de solicitude destas bolsas.

Artigo 6. *Solicitudes*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010,



do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

3. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica por parte da persoa solicitante ou representante supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.



4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

5. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Prazo de presentación das solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

Artigo 8. *Documentación que hai que presentar*

Os interesados achegarán xunto co formulario normalizado, anexo II (TU200A), a seguinte documentación:

1. Para alumnos/as que inicien estudos no CSHG e soliciten bolsa de matrícula:

a) Copia do DNI/NIE da persoa solicitante e do resto de membros da unidade familiar maiores de 14 anos, só no caso de que non se autorice a súa consulta nos anexos II e III, respectivamente.

b) Anexo III.

c) Certificación, que inclúa a nota media, dos estudos da persoa solicitante, que permitan o acceso á universidade ou tarxeta PAAU para os que se matriculen en diploma superior, ou do bacharelato (ou equivalente), ciclo formativo superior ou outras ensinanzas superiores para os que se matriculen en certificado.

d) Certificado municipal de empadramento da persoa solicitante, só no caso de que non se autorice a súa consulta no anexo II.



e) Certificado municipal de convivencia.

f) Certificacións de ingresos (IRPF/datos fiscais) da persoa solicitante maior de 18 anos, do ano 2015, só no caso de que se denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia dos ingresos.

g) Certificacións de ingresos (IRPF/datos fiscais) do resto dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos, do ano 2015, só no caso de que non se autorice a súa consulta no anexo III.

h) Certificacións catastrais literais da persoa solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.

i) Certificacións catastrais literais do resto dos membros da unidade familiar, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.

j) Copia do libro de familia.

k) Declaración responsable do solicitante en que se detallarán os ingresos e gastos anuais da unidade familiar.

Se procede, para os casos que sexa necesario, incluír:

a) Xustificante de orfandade absoluta da persoa solicitante.

b) Documentación acreditativa da independencia familiar e económica.

c) Xustificante da condición e grao de discapacidade dos outros membros da unidade familiar, só no caso de que non se autorice a súa consulta no anexo III ou sexa expedido por outra comunidade autónoma.

d) Título oficial de familia numerosa (Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas), só no caso de que non se autorice a súa consulta ou sexa expedido por outra comunidade autónoma.



e) Xustificante de estudos universitarios da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade familiar menores de 25 anos e residentes fóra do domicilio familiar, durante o curso 2014/15, só no caso de que non se autorice a súa consulta (anexos II e III).

f) Xustificación de viuvez, estado de solteiro, separación ou divorcio do pai ou a nai da persoa solicitante.

2. Para alumnos/as que inicien estudos no CSHG e soliciten bolsa de excelencia:

a) Copia do DNI/NIE do/a solicitante e dos membros da familia maiores de 14 anos, só no caso de que non se autorice a súa consulta.

b) Certificación dos estudos que permitan o acceso á universidade, ou tarxeta da PAAU, que inclúa a nota media para os que se matriculen en diploma superior.

Artigo 9. *Selección*

1. Bolsas de matrícula.

Concederáselle unha bolsa, que consistirá no desconto do importe que o alumno/a teña que aboar pola matrícula en réxime externo segundo o tipo (tipo I ou tipo II) da bolsa.

A ordenación e selección farase ordenando todas as solicitudes que cumpran os requisitos, segundo a puntuación obtida por a renda familiar e o seu expediente académico, ata esgotar o número de bolsas destinado para cada modalidade.

Para as seis primeiras puntuacións de diploma superior as bolsas serán de tipo I e de tipo II para as doce seguintes (50 %). En certificado serán de tipo II.

A puntuación por solicitante será o resultado de ponderar a renda familiar nun 60 % e o expediente académico nun 40 %.

A puntuación obtida da renda familiar (A) será segundo os límites de renda no punto 12 do artigo 9.

A puntuación obtida no expediente académico (B) virá dado pola fórmula:

$$(cualificación expediente - 5) \times 4/5$$



Para o cálculo das notas do expediente:

Para 1º curso de diploma superior empregarase a cualificación na proba de acceso á universidade (PAAU) ou noutras ensinanzas que lle permitan o acceso.

Para 1º curso de certificado empregarase a cualificación do expediente de bacharelato (ou equivalente), ciclo formativo superior ou outras ensinanzas superiores.

A puntuación total será o resultado da suma de A e B.

En caso de empate entre dous ou máis solicitantes, procederase ao desempate de acordo co expediente académico dos/as solicitantes afectados/as.

2. Bolsas de excelencia.

A selección farase ordenando todas as solicitudes que cumpran os requisitos, en función da nota da proba de acceso á universidade (PAAU) ou noutras ensinanzas que lle permitan o acceso, con exclusión da cualificación da fase específica.

A ordenación das solicitudes e a proposta de concesión realizaranse priorizando as solicitudes en atención da maior nota a menor ata esgotar o número de bolsas destinado para esta modalidade.

Artigo 10. *Límites de renda e puntuacións*

1. A renda familiar obterase pola agregación das rendas do exercicio 2015 de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos parágrafos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Para a determinación da renda dos membros computables que presenten declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, procederase do seguinte xeito:

- Primeiro: sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
- Segundo: deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.



3. Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen a declaración do IRPF seguirase o procedemento descrito no parágrafo primeiro deste número anterior e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

4. Para o cálculo da renda familiar para efectos de bolsa, son membros computables da familia o pai e a nai, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, se é o caso, o/a solicitante, os irmáns solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar en 31 de decembro de 2015 ou os maiores de idade, cando se trate de persoas con discapacidade, así coma os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente. No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se considerarán membros computables o cónxuxe ou, de ser o caso, a persoa que se atope unida por análoga relación, así como os fillos, se os houber.

5. No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais non se considerará membro computable aquel que non conviva co/a solicitante da bolsa. Terá, non obstante, a consideración de membro computable, de ser o caso, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas se incluírán dentro do cómputo da renda familiar.

6. Nos casos en que o/a solicitante alegue que é o único membro da unidade familiar, deberá acreditar con que medios económicos conta. No caso de que os ingresos acreditados resulten inferiores aos gastos soportados, considerados indispensables (vivenda, manutención, etc.) entenderase non probada a independencia, polo que para o cálculo da renda, para os efectos de bolsa, computaranse os ingresos correspondentes aos membros computables da familia a que se refire o punto 5 deste artigo. De non xustificar suficientemente estes aspectos, a solicitude será obxecto de denegación.

7. Calculada a renda familiar para os efectos de bolsa segundo o establecido nos números anteriores, aplicaranse as deducións seguintes:

a) O 50 % de renda computable por cada un dos membros da unidade familiar distinto do sustentador principal e do seu cónxuxe.

b) 500,00 euros por cada irmán, incluído o/a solicitante, que conviva no domicilio familiar, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral e 765,00 euros para familias numerosas de categoría especial, sempre que teñan dereito a este beneficio. Cando sexa o/a propio/a solicitante o/a titular da familia numerosa, as cantidades sinaladas serán computadas en relación cos fillos que a compoñan.



c) 1.811,00 euros por cada irmán ou fillo do solicitante ou propio solicitante que estea afectado de discapacidade, legalmente cualificada, de grao igual ou superior ao 33 %. Esta dedución será de 2.881,00 euros cando a discapacidade sexa de grao igual ou superior ao 65 %.

d) 1.176,00 euros por cada fillo menor de 25 anos que curse estudos universitarios e resida fóra do domicilio familiar, cando sexan dous ou máis os fillos estudantes con residencia fóra do domicilio familiar por razón de estudos universitarios.

e) Incrementaranse os límites de renda media por membro da unidade familiar aplicables nun 20 % cando o/a solicitante sexa orfo/a absoluto/a.

8. A bolsa solicitada será denegada no caso de que a renda media por membro da unidade familiar, sexa superior a 14.273,00 euros.

9. A bolsa solicitada será denegada cando as actividades económicas das que sexan titulares os membros computables da familia teñan un volume de facturación, en 2015, superior a 155.500 euros. Para os efectos do cómputo do dito valor de volume de facturación, deducirase o 50 % do valor dos que pertencen a calquera membro computable da familia, excluídos os sustentadores principais.

10. Denegarase a bolsa, calquera que sexa a renda familiar calculada segundo o disposto nos artigos anteriores, cando o valor dos elementos indicativos do patrimonio do conxunto de membros computables da familia supere algún ou algúns dos limiares seguintes:

a) A suma dos valores catastrais dos predios urbanos que pertencen aos membros computables da familia, excluída a vivenda habitual, e aqueles bens que se atopan afectos a actividades económicas realizadas por calquera dos membros computables da unidade familiar, non poderá superar 42.500,00 euros.

b) A suma dos valores catastrais dos predios rústicos que pertencen aos membros computables da familia non poderá superar 13.130,00 euros por cada membro computable.

c) A suma dos rendementos netos reducidos do capital mobiliario máis o saldo neto positivo de ganancias e perdas patrimoniais pertencente aos membros computables da familia,



excluindo as subvencións recibidas para adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual e, se é o caso, a renda básica de emancipación non poderá superar 1.700,00 euros.

d) Cando sexan varios os elementos indicativos do patrimonio descritos nos puntos anteriores de que dispoñan os membros computables da familia, calcularase a porcentaxe de valor de cada elemento respecto do límite correspondente. Denegarase a bolsa cando a suma das referidas porcentaxes supere 100.

e) Para os efectos do cómputo do valor dos elementos a que se refiren os parágrafos anteriores, deducirase o 50 % do valor dos que pertencen a calquera membro computable da familia, excluídos os sustentadores principais.

11. A renda media por membro da unidade familiar puntuarase seguindo os seguintes tramos:

Renda media por membro da unidade familiar (en euros)	Puntuación
14.273 ou máis	Excluído
13.831 a 14.272	0
13.389 a 13.830	0,25
12.948 a 13.388	0,5
12.506 a 12.947	0,75
12.065 a 12.505	1
11.623 a 12.064	1,25
11.183 a 11.622	1,5
10.741 a 11.182	1,75
10.300 a 10.740	2
9.858 a 10.299	2,25
9.417 a 9.857	2,5
8.975 a 9.416	2,75
8.534 a 8.974	3
8.093 a 8.533	3,25
7.651 a 8.092	3,5
7.211 a 7.650	3,75
6.769 a 7.210	4
6.328 a 6.768	4,25
5.886 a 6.327	4,5
5.445 a 5.885	4,75
5.003 a 5.444	5
4.562 a 5.002	5,25
4.120 a 4.561	5,5
3.679 a 4.119	5,75
0 a 3.678	6



Artigo 11. *Ingresos e gastos. Modelo de declaración responsable*

No caso de que non exista información en poder das administracións tributarias da persoa solicitante e dos compoñentes da súa unidade familiar, é necesario realizar unha declaración responsable en que se detallarán os ingresos e gastos anuais da unidade familiar incluíndo ademais unha relación de bens mobles e inmobles, acompañadas dun extracto cos saldos medios mensuais de contas bancarias que posúan os membros da unidade familiar. Esta declaración responsable achegarase xunto coa solicitude (anexo II).

Artigo 12. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude de concesión das bolsas pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor:

A obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Facenda os datos de carácter tributario do solicitante



necesarios para a determinación da renda da unidade de convivencia. No caso dos demais membros da unidade familiar, as autorizacións deberán facerse expresamente mediante a presentación do anexo III.

4. De conformidade co artigo 17.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Axencia Turismo de Galicia no punto correspondente ao CSHG publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das bolsas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas bolsas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos.

5. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

6. A presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

7. A reserva que o/a petionario/a poida facer no senso de non autorizar a obtención de datos ou a súa publicidade nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a bolsa ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro das cantidades percibidas.

Artigo 13. *Compatibilidade con outras axudas*

Estas axudas son compatibles con calquera outra axuda económica para o mesmo obxecto e finalidade pero o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas ditas axudas, supere o custo da matrícula do curso solicitado.

Artigo 14. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo trata-



mento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Axencia Turismo de Galicia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Axencia Turismo de Galicia, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: A Barcia. Estrada Santiago-Noia, km 3, 15897 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lopdturga@xunta.gal

Artigo 15. *Órganos competentes*

A Área de Fomento e Desenvolvemento Empresarial será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da bolsa, e corresponderalle á persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia ditar a resolución de concesión.

Artigo 16. *Instrución*

1. Unha vez finalizado o prazo de recepción de solicitudes, determinarase se reúnen os requisitos establecidos nestas bases, para logo expoñer as listas das solicitudes admitidas e excluídas con indicación das causas de exclusión, nos taboleiros de anuncios do CSHG. Así mesmo, estas listas tamén poderán ser consultadas, na epígrafe de Titulacións—Bolsas e Financiamento do enderezo www.cshg.es

2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o/a interesado/a para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.



5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 17. *Comisión avaliadora*

1. A selección dos candidatos será realizada por unha comisión avaliadora integrada por:

Presidente/a: a persoa titular da Xerencia da Axencia Turismo de Galicia.

Secretario/a: a persoa titular do Centro Superior de Hostalaría de Galicia, que actuará como membro do órgano con voz e voto.

Vogais:

A persoa titular do departamento de Coordinación Académica do CSHG.

Un/unha asesor/a técnico/a da Axencia Turismo de Galicia.

A persoa titular do Departamento de Marketing do CSHG.

2. Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puiden asistir, será substituído/a pola persoa que para o efecto nomee a persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

3. A comisión redactará a acta das súas deliberacións e elaborará un informe en que constarán:

– Relación de bolsas propostas para as modalidades de matrícula e de excelencia para cada unha das titulacións, de conformidade cos criterios de valoración fixados nestas bases.

– Lista de reserva para o caso de non aceptación ou renuncia dalgunha delas, por orde de puntuación, segundo as modalidades de bolsas reguladas nestas bases e para cada titulación.



Á vista do informe da comisión avaliadora, o órgano instrutor elaborará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, en que se detallarán as bolsas concedidas, o importe e os beneficiarios, así como as listas de reserva. Esta proposta publicarase na internet, na epígrafe de Titulacións→Bolsas e Financiamento do enderezo www.cshg.es, así como no taboleiro de anuncios do CSHG, e os/as interesados/as poderán formular alegacións nun prazo de dez (10) días, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18. *Resolución e notificación*

1. Examinadas as alegacións, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva e elevaralla á persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

2. A persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, á vista da proposta de resolución, ditará no prazo de quince (15) días desde a súa elevación a correspondente resolución motivada, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, coa cal se entenderán notificados para todos os efectos os/as solicitantes, de conformidade co artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta resolución será de cinco meses, contados a partir do remate do prazo de presentación de solicitudes. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaia resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Contra a devandita resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Axencia Turismo de Galicia no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 19. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa e, en todo caso, a obtención concorrente de bolsas outorgadas por outras administracións ou entes



públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de conformidade cos requisitos establecidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 17.

3. Cando o beneficiario da bolsa poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da bolsa, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme o establecido no artigo 14.1.m) da Lei de subvencións de Galicia, téndose omitido o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da bolsa poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

Esta aceptación por parte do órgano concedente non exime o beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a citada Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 20. *Aceptación e renuncia*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa en contra se entenderá tacitamente aceptada.

2. A renuncia á bolsa poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a directora da Axencia Turismo de Galicia ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da mesma lei.



3. No caso de que os/as beneficiarios/as non acepten a bolsa serán substituídos/as polas persoas que figuren na correspondente listaxe de reserva en función da súa puntuación.

Artigo 21. *Aboamento e xustificación das bolsas*

Unha vez publicada a resolución de concesión no *Diario Oficial de Galicia* o/a beneficiario/a poderá descontar dos prezos da matrícula o tipo de bolsa que lle foi concedido.

Artigo 22. *Obrigas dos/as solicitantes e beneficiarios/as*

Os/as solicitantes deben cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiarios/as de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o indicado no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

O alumnado que resulte beneficiario destas bolsas comprométese ao cumprimento do establecido nesta convocatoria e na súa resolución, así como a cumprir as seguintes obrigas:

a) Seguir durante o curso académico, con carácter presencial, os estudos en que estea matriculado e non anular a matrícula.

b) Cumprir os requisitos e condicións establecidos para a concesión e goce da bolsa.

c) Cooperar coa Administración nas actuacións de comprobación que sexa necesario verificar, se procede, do cumprimento e a efectividade das condicións determinantes da concesión da bolsa.

d) Comunicar por escrito calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento respecto das circunstancias alegadas na solicitude ou na declaración responsable e de someterse ás actuacións de comprobación que acorde a Axencia Turismo de Galicia.



e) Informar o órgano concedente da obtención doutras axudas ou bolsas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.

f) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das bolsas, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Comunicar por escrito a renuncia á bolsa no caso de producirse unha causa que determine a dita renuncia.

Artigo 23. *Duración das bolsas e renovación*

a) A bolsa non supón a entrega efectiva de diñeiro ó/á alumno/a ao/á que lle foi concedida. A concesión da bolsa supón a posibilidade de matricularse nas titulacións sen necesidade de aboar o importe que lle foi concedido nalgunha das dúas modalidades de bolsa.

b) As bolsas de matrícula concédense durante a totalidade dos cursos dos que se compón a titulación para a que foi concedida, sempre que non exista unha variación substancial da situación económica e o alumno/a cumpra os requisitos para o seu mantemento. Enténdese que existe unha variación substancial cando a situación económica en cada un dos anos fiscais seguintes á concesión da bolsa supere en 6.000,00 euros ou máis á renda media establecida para obter bolsa este ano.

c) Os/as solicitantes que aspiren á renovación da bolsa de matrícula deberán presentar:

1. Certificacións de ingresos (IRPF/datos fiscais) da persoa solicitante maior de 18 anos, no ano 2015, só no caso de que se denegue expresamente o consentimento ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia dos ingresos.

2. Certificacións de ingresos (IRPF/datos fiscais) do resto dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos, no ano 2015, só no caso de non se autorice a súa consulta no anexo III.



3. Certificado municipal de empadramento actualizado da persoa solicitante, só no caso de que non se autorice a súa consulta no anexo II.

4. Certificado municipal de convivencia.

A autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia dos ingresos do solicitante vai implícita coa presentación da solicitude, de conformidade co artigo 20.3 da Lei de subvencións, e só se presentará no caso de que o solicitante denegue expresamente o consentimento. No caso dos demais membros da unidade familiar, as autorizacións deberán facerse expresamente mediante a presentación do anexo III.

Así mesmo, deberán presentar certificado de empadramento actualizado, só no caso de denegar expresamente a súa consulta, para os efectos de confirmar que non se produciron variacións no número de integrantes computables da unidade familiar. Téñase en conta que esta documentación deberá ser achegada obrigatoriamente por todos os membros computables da unidade familiar que en 31 de decembro de 2015 teñan unha idade igual ou superior a 18 anos.

a) Os alumnos/as beneficiarios da concesión dunha bolsa de matrícula non poderán solicitar un cuarto individual na residencia de estudantes do centro.

b) As bolsas de excelencia académica concederanse pola totalidade dos cursos dos que se compoñe a titulación para a que foi concedida, sempre e cando o/a alumno/a cumpra os requisitos para o seu mantemento no curso seguinte. O/a alumno/a deberá obter unha media no curso anterior, igual ou superior nun 20 % a nota media ponderada da súa promoción ou curso.

c) A concesión da bolsa para unha titulación non supón, en ningún caso, o seu mantemento se desexa iniciar unha titulación diferente. Non terán dereito a bolsa os/as alumnos/as que desexen matricularse no curso de convalidación do certificado de Elaboración e Xestión en Cociña.

d) O/a alumno/a que obteña unha bolsa para cursar unha titulación do CSHG, e que non tendo finalizados os cursos de que se compón, desexe iniciar outra titulación diferente, perdería os dereitos da bolsa de que estivo gozando.



e) O/a alumno/a que cause «baixa voluntaria» implicará a perda da bolsa para reiniciar ese curso e cursar os seguintes.

f) O/a alumno/a que acumule dúas ou máis sancións por faltas graves ou unha moi grave poderá perder a bolsa.

g) A cualificación de *stage* incompleto ou insatisfactorio supón a perda da bolsa.

h) A non entrega da documentación exixida para acreditar a situación económica e patrimonial da unidade familiar ou a presentación fóra do prazo establecido será motivo de exclusión.

Artigo 24. *Réxime de recursos*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados/as poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

Artigo 25. *Remisión normativa*

É de aplicación o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.




XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS NO CENTRO SUPERIOR DE HOSTALARÍA DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TU200A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA		LUGAR					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA		LUGAR					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

TITULACIÓN PARA A CAL SOLICITA A BOLSA
<input type="radio"/> Diploma superior
<input type="radio"/> Certificado en cociña

MODALIDADE DE BOLSA
<input type="radio"/> Bolsa de excelencia
<input type="radio"/> Bolsa de matrícula
<input type="radio"/> Renovación

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 2. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 3. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


 Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: a6ssjdz6-p3s5-on78-vnh4-chnnsrwbtc16



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de que non se autorice a súa consulta. |
| <input type="checkbox"/> Copia do DNI ou NIE do resto de membros da unidade familiar maiores de 14 anos, só no caso de non autorizar a súa consulta no anexo III. |
| <input type="checkbox"/> Anexo III. |
| <input type="checkbox"/> Certificación, que inclúa a nota media, dos estudos da persoa solicitante, que permitan o acceso á universidade ou tarxeta PAAU para os que se matriculen en diploma superior, ou do bacharelato (ou equivalente), ciclo formativo superior ou outras ensinanzas superiores para os que se matriculen en certificado. |
| <input type="checkbox"/> Certificado municipal de empadramento da persoa solicitante, só no caso de que non se autorice a súa consulta. |
| <input type="checkbox"/> Certificado municipal de convivencia. |
| <input type="checkbox"/> Certificacións de ingresos (IRPF/datos fiscais) da persoa solicitante maior de 18 anos, no ano 2015, só no caso de que se denegue expresamente o consentimento ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia dos ingresos. |
| <input type="checkbox"/> Certificacións de ingresos (IRPF/datos fiscais) do resto dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos, no ano 2015, só no caso de que non se autorice a súa consulta no anexo III. |
| <input type="checkbox"/> Certificacións catastrais literais da persoa solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta. |
| <input type="checkbox"/> Certificacións catastrais literais do resto dos membros da unidade familiar só no caso de denegar expresamente a súa consulta. |
| <input type="checkbox"/> Copia do libro de familia. |
| <input type="checkbox"/> Declaración responsable da persoa solicitante en que se detallarán os ingresos e gastos anuais da unidade familiar. |
| <input type="checkbox"/> Xustificante de orfandade absoluta da persoa solicitante. |
| <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da independencia familiar e económica. |
| <input type="checkbox"/> Xustificante da condición e grao de discapacidade dos outros membros da unidade familiar, só no caso de que non se autorice a súa consulta no anexo III ou sexa expedido por outra comunidade autónoma. |
| <input type="checkbox"/> Título oficial de familia numerosa (Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas), só no caso de que non se autorice a súa consulta ou sexa expedido por outra comunidade autónoma. |
| <input type="checkbox"/> Xustificante estudos universitarios da persoa solicitante, só no caso de que non se autorice a súa consulta. |
| <input type="checkbox"/> Xustificante estudos universitarios do resto de membros unidade familiar menores 25 anos e residentes fóra do domicilio familiar durante o curso 2014/15, só no caso de que non se autorice a súa consulta no anexo III. |
| <input type="checkbox"/> Xustificante de viuvez, soltería, separación ou divorcio do pai/nai da persoa solicitante. |
- NO CASO DE RENOVACIÓN DA BOLSA DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**
- | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Certificacións de ingresos (IRPF/datos fiscais) da persoa solicitante maior de 18 anos, no ano 2015, só no caso de que se denegue expresamente o consentimento ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia dos ingresos. |
| <input type="checkbox"/> Certificacións de ingresos (IRPF/datos fiscais) do resto dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos, no ano 2015, só no caso de que non se autorice a súa consulta no anexo III. |
| <input type="checkbox"/> Certificado municipal de empadramento actualizado da persoa solicitante, só no caso de que non se autorice a súa consulta. |
| <input type="checkbox"/> Certificado municipal de convivencia. |

Autorizo a Axencia Turismo de Galicia para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso, achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Axencia Turismo de Galicia para consultar os datos de residencia da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso, achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Axencia Turismo de Galicia para consultar os datos de títulos oficiais universitarios que constan en poder do Ministerio de Educación, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso, achegarase a documentación correspondente)





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO II
(continuación)

Autorizo a Axencia Turismo de Galicia para consultar os datos relativos ao título de familia numerosa que constan en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso, achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Axencia Turismo de Galicia, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lopdturga@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 29 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas para a realización de estudos no Centro Superior de Hostalaría de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o curso 2016-17.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

galicia

Axencia Turismo de Galicia

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>





ANEXO III

AUTORIZACIÓNS

As persoas que asinan o presente documento AUTORIZAN a unidade responsable do procedemento administrativo, de conformidade co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño de acceso electrónico, para a consulta de datos.

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF	Autoriza consulta identidade (SVDI)	Autoriza consulta da condición e grao de discapacidade	Autoriza consulta de ingresos (IRPF/ datos fiscais)	Autoriza consulta de títulos oficiais universitarios	Sinatura da persoa ou do/da seu/súa pai/nai no caso de ser menor de idade
				<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
				<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
				<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
				<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
				<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
				<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
				<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
				<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
				<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
				<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Axencia Turismo de Galicia, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lopdturga@xunta.gal

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO IV

MODELO DE RENUNCIA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

MANIFIESTA

Que o día recibíu a notificación da concesión da bolsa que lle foi outorgada ao abeiro da Resolución do 29 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas para a realización de estudos no Centro Superior de Hostalaría de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o curso 2016/17.

DECLARA

Que renuncia á bolsa concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data
 , de de

